

Acta para a contratación de catro limpiadoras persoal en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia para a realización da obra ou servizo "Mellora de espazos de utilidade pública e implementación de servizos de interese social", ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptora da renda de integración social de Galicia (RISGA), e se apraba a súa convocatoria para o ano 2021 (Código de procedemtno TR351F) (DOG núm. 78 do 27 de abril de 2021).

Nas instalacións do Centro de Desenvolvemento Local (CDL Concello de Ponteareas, sito en Lomba do Cruceiro, 5 (Ribadetea), 25 de agosto de 2021, sendo as 09,30 horas, baixo a presidencia de dona Elizabeth Mella Lorenzo, réunese o tribunal do proceso selectivo para a Selección de catro limpiadores/as, formado por D. José Sotelo López, dona Ángela Mónica Sequeiros Ameijeira e Alicia Amil Alonso (Vogais), nomeados por Decreto 2021-1865 de data 9 de agosto de 2021, e actuando como Secretaria a funcionaria dona Olga Bautista Porto nomeada por Decreto de data 20 de agosto de 2021, número 2021-1922.

Unha vez constituído o Tribunal, procédese a realizar a proba práctica, na que os/as aspirantes deben de dar resposta as preguntas realizadas sobre os produtos de limpeza adecuados para a desinfección de zonas de alto risco. Para iso o Tribunal deseñou un cuestionario de 7 preguntas sobre sobre o devandito tema, con tres alternativas de resposta, que se deberán contestar nun tempo máximo de 15 minutos. A proba sería obrigatoria e eliminatoria, e a puntuación mínima sería de 1 punto e a máxima de 4 puntos, establecendo o valor de cada pregunta acertada 0,57 resultado de dividir os catro puntos entre as 7 preguntas plantexadas tal como se reflexan a conrtinuación:

**"PROBA PRÁCTICA LIMPIADORA - 25 de agosto de 2021**

**1.- Á hora de limpiar un cuarto de baño, ¿Que elemento dos que se indican debemos limpiar en último lugar?**

- a) Espello
- b) Inodoro
- c) Chan do baño

**2.- ¿Qué productos podes mesturar coa lixivia?**

- a) Amoníaco
- b) Vinagre
- c) Ningunha é correcta

**3.- A Lexivia podemos considerala:**

- a) Desinfectante

- b) Desengrasante
- c) Desincrustante

**4.- Temos que eliminar unha mancha de graxa dunha superficie. ¿Que tipo de deterxente usaremos?**

- a) Detergente ácido.
- b) Detergente neutro
- c) Deterxente alcalino.

**5.- O carro de limpeza pode estar dotado de:**

- a) Cubos para o aclarado
- b) Cubos de fregado de chans
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.

**6) .- Pautas a seguir polo persoal que manipula os residuos:**

- a) Retirar o lixo con luvas
- b) Non se tirará lixo dunha bolsa a outra
- c) As dúas respostas anteriores son correctas

**7) .- Como te protexerías para desinfectar unha habitación empregada por moita xente (sala de estudo, auditorio ...)**

- a) Luvas, mascarilla e uniforme.
- b) Uniforme e luvas
- c) Uniforme e mascarilla"

E a plantilla de corrección é a seguinte:

**"1-C, 2-C, 3-A, 4-C, 5-C, 6-C, 7-A"**

Dos 24 aspirantes convocados polo INEM, compareceron 18, os cales foron chamados por orde de lista polo Tribunal para recoller a documentación requirida para obter a esta oferta.

Relaciónanse os candidatos que no se presentaron

- FERNÁNDEZ CARBALLO, CONSUELO
- FIGUEROA RIVERO, ROSANA.
- MARTÍNS FUMEGA, VIRGINIA.
- MÉNDEZ FERNÁNDEZ, TERESA JESÚS.
- PINTO FRAGUEIRO, MARÍA VICTORIA.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, MARÍA.

A proba práctica comparecen 17 aspirantes, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús González Márquez manifesta que non pode facer esta proba por motivos persoais.

Despois de realizar a proba práctica, todos os aspirantes acadaron a puntuación mínima, polo que continúan no proceso selectivo e procédese a efectuar a baremación dos criterios complementarios e dos méritos coa seguinte puntuación, quedando establecida a puntuación total como se reflexa na seguinte tabla:

Candidato/a	DNI	Proba práctica	Criterios	Méritos	Puntuación total
D.B.P.E	*****781-J	4	1	0,2	5,2
G.F.S	*****347-G	3,42	1	0,3	4,72
C.M.A	*****236-X	3,42	1,1	0	4,52
A.F.AB	*****104-H	3,42	1	0	4,42*
F.D.M.L	*****302-Y	3,42	1	0	4,42*
G.I.M.C	*****037-F	3,42	1	0	4,42*
M.R..C.	*****657-B	3,42	1	0	4,42*
T.MAJ	*****346-T	3,42	1	0	4,42*
F.C.M.I	*****910-E	2,85	1	0	3,85*
F.R.N	*****453-M	2,85	1	0	3,85*
G.M.M.T	*****897-D	2,85	1	0	3,85*
L.M.F.T	*****749-T	2,85	1	0	3,85*
M.A.B	*****807-V	2,85	1	0	3,85*
L.R.S	*****751-P	2,28	1	0	3,28*
P.R.R	*****941-L	2,28	1	0	3,28*
C.A.D.A	*****378-K	1,71	1	0	2,71
F.G.N	*****804-C	1,14	1,1	0	2,24

\*desempatados como establecen as bases desta convocatoria: "segundo a favor de aquel que teña a primeira maior puntuación seguindo a orde de puntuación do baremo, incluíndo a entrevista. Se este continuase desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 29/01/2021 pola que se fai público para o ano 2021 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOGA 05/02/2021), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "Y".

Á vista de todo o exposto este Tribunal propón a contratación dos/as catro candidatos/as que maior puntuación acadaron, e en caso de renuncia que se contrate ao seguinte da lista:

Candidato/a propostos	DNI	Proba práctica	Criterios C.	Méritos	Puntuación total
D.B.P.E	*****781-J	4	1	0,2	5,2
G.F.S	*****347-G	3,42	1	0,3	4,72
C.M.A	*****236-X	3,42	1,1	0	4,52
A.F.A.B	*****104-H	3,42	1	0	4,42*

E non sendo outro o obxecto desta reunión, ás 14,30 horas do mesmo día, pola Presidenta levántase a sesión da que eu, Secretario do Tribunal, dou fe,

### **RECURSOS:**

Contra a presente acta poderase interpoñer recurso de Alzada ante o mesmo órgano que o dictou ou superior no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Pontareas, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Secretaría,



Olga Bautista Porto

A Presidenta



Elizabeth Mella Lorenzo

Vogal



Alicia Amil Alonso

Vogal



Ángela Mónica Sequeiros Ameijeira

Vogal



José Sotelo López